
CONVOCATORIA E BASES DA PROBA PARA UN CONTRATO EN PRÁCTICAS NA CATEGORÍA DE OPERADOR/A MONTADOR/A DE VIDEO NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA SA.

1. OBXECTO

Selección de persoal para un contrato formativo de obtención da práctica profesional.

2. PUBLICIDADE

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CRTVG (www.crtvg.es), medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior, sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

3. CATEGORÍA LABORAL

A categoría engloba a todas aquellas persoas que posúen demostrados coñecementos para realizar a montaxe de todo tipo de programas ou de producións de rexistro de programas de televisión. Coñecen as técnicas de montaxe e características do soporte para as gravacións.

Operan, explotan, conservan e manexan os aparellos electrónicos de axuste e manipulación de toda clase de sinais de vídeo e audio.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter cumplido 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional de algún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuge dos/das españoles, dos nacionais de algún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos/as nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión

Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados/as de dereito, así como as persoas descendentes e aos do/a seu cónxuge, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan as súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os/as estranxeiros/as con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españois.

4.1.3. Posuir capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder a mesma categoría profesional a que se pertencia.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos Específicos:

4.2.1. Estar en posesión da titulación do **Ciclo Superior de Realización de Proyectos Audiovisuales e espectáculos**. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4.2.2. Non poderán participar no proceso as persoas que tiveran experiencia profesional ou tiveran realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa, por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estos efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilite para a contratación.

4.2.3. Que non estivera contratado/a en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a un ano en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Que non estivera contratado/a na mesma empresa para mesma posto de traballo por tempo superior a un ano, áinda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

Así mesmo, as persoas aspirantes non poderán ter relación laboral anterior coa CRTVG ou con outra empresa na mesma ou similar categoría laboral convocada.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas estará formado polas seguintes persoas:

- Agustín Deus Sixto, (Subdirector de medios CRTVG), presidente.
- Xosé Miguel Figueiral Jardón, (operador de posproducción da CRTVG), vogal.
- Paulino Novo Folgueira (asesor lingüístico da CRTVG), vogal.
- Mercedes Blasco Zas (xefa do servizo de Formación e Xestión de Persoal), secretaria.

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte ao principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incursas en ningún dos motivos de abstención previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de persoas participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos deberán absterse de participar e notificaranlllo ao órgano que convoca.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que precisen adaptacións, poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarase de cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que componen o tribunal encargaránse da elaboración e puntuación do resto das probas, con excepción da persoa que ostente a secretaría que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas ou algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranlllo ao órgano que convoca.

6. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao endereço proceso.selección@crtvg.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo, e a documentación que se indica a continuación:

- 6.1.1. Curriculum vitae.
- 6.1.2. Fotocopia do DNI.

- 6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado (certificado do título ou similar).
- 6.1.4. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.
- 6.1.5. Declaración xurada, segundo Anexo II, no caso de ter formalizado outro contrato de traballo, de diferente modalidade ao de prácticas onde conste que non realizou as tarefas da categoría convocada especificadas na presente convocatoria.
- 6.1.6. Certificación da vida laboral actualizada.
- 6.1.7. Para o caso de que tivese formalizado con anterioridade outro contrato en prácticas, un certificado emitido pola empresa no que conste a duración das prácticas, o posto de traballo desenvolvido e as principais tarefas realizadas.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o 18 de xaneiro.

6.3. As persoas solicitantes que non achegaran a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.4. O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación, e seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media. Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal. O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web de CRTVG.

7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

Todos os exercicios realizaranse o día 29 de xaneiro na sede da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), ás 9.30 h.

As persoas aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través de:

7.2.1. Proba teórico-práctica de coñecementos específicos

- **Proba teórica tipo test (30%)**

Sen penalización por pregunta mal contestada.

Nesta proba entrarán as seguintes materias:

- o Sinal de cor
- o Sinal de vídeo
- o Linguaxe audiovisual
- o Equipos de medida e control
- o Teoría de montaxe
- o Conceptos básicos de son
- o Conceptos básicos de redes
- o Almacenamento en discos

- **Proba práctica (70%)**

Consistirá no manexo dun equipo de edición non lineal.

Para acceder á praza convocada é necesario superar unha nota media entre todas as probas de cinco (5) sobre dez (10).

7.2.2. Proba tipo test de coñecemento de lingua galega

As persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 3 non terán que realizar a proba de coñecemento de lingua galega. Esta proba terá un grao de dificultade consonte ao programa do certificado Celga 3, e as súas cualificacións serán únicamente de apto ou de non apto. Para ter cualificación de apto as persoas aspirantes deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10.

Se se dese o caso, a posesión do certificado Celga 3 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

A non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas teórica e práctica na páxina web de CRTVG.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra cada un deses resultados provisionais no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados/as no suposto de que se produza un empate entre dúas ou más persoas aspirantes, a orde de prelación virá dado pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

- 1º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.
- 3º. Aspirante de maior idade.
- 4º. Aspirante elixido/a por sorteo, para o caso de persistir o empate.

10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando as persoas que superaron o proceso.

11. CONDICIONES DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS

O período de proba será dun mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder dun ano.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación RTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselle unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándolle de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CRTVG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024



crtvg CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Recursos Humanos

Víctor Tubío Villar

Director de Recursos Humanos
Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA

ANEXO I**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO
CONTRATO EN PRÁCTICAS NA CATEGORÍA DE OPERADOR/A MONTADOR/A DE
VÍDEO**

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Enderezo	
Correo electrónico	
Teléfono	

Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA	
Curriculum vitae	
Fotocopia DNI	
Acreditación da titulación	
Certificado de discapacidade	
Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requerido	

En _____ a _____

Asdo: _____



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

_____ con DNI _____, declaro que nos contratos de traballo que figuran no certificado da vida laboral non realicei as tarefas da categoría de _____ convocada pola Crtvg, que especifican na convocatoria.

E para que así conste e para os efectos da participación no presente proceso de selección, asino a presente declaración en _____ o ____ de _____ do _____.

